



ADDENDA O CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E O CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADA PARA A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA AO PROXECTO SENLLEIRO DE RESTAURACIÓN DO TAJAMAR SURESTE NA PONTE DE PEDRE, DENTRO DA CATEGORÍA DE "PROMOCIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO HISTÓRICO DA COMARCA".

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Dunha parte, María José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 73, do 14 de abril), na súa condición de presidenta da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, CIF Q1500273F, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, e no uso das facultades delegadas atribuídas no Acordo do Consello de Dirección da Agader do 21 de xullo de 2021 (DOG núm. 148, do 4 de agosto).

Doutra parte, Jorge Cubela López, na súa condición de alcalde do concello de Cerdedo-Cotobade, segundo o disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, da administración local de Galicia, do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e do artigo 24 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante esta addenda e,

EXPOÑEN

Primerio.- O 12 de marzo 2025 a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello de Cerdedo-Cotobade asinaron o Convenio entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello de Cerdedo-Cotobade para a concesión dunha subvención directa ao proxecto senlleiro de restauración do tajamar sureste na ponte





de Pedre, dentro da categoría de "promoción e posta en valor do patrimonio histórico da comarca".

Segundo.- O 18 de xullo de 2025 o Concello de Cerdedo-Cotobade presenta unha solicitude de ampliación do prazo de xustificación dos gastos que fundamenta a necesidade de subscribir a presente addenda en: " (...) *ante as dificultades que se atopou esta administración para a obtención da autorización previa da Xefatura Territorial de Patrimonio de Pontevedra, que fixo que se producirán variacións nalgunhas partidas do proxecto inicial, aínda que non se modificou o orzamento final, o que causa un importante retraso na tramitación do correspondente expediente de licitación das obras, e polo que*

SOLICITA

Unha ADDENDA do "CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E O CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADA PARA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA AO PROXECTO SENLLEIRO DE RESTAURACIÓN DO TAJAMAR SURESTE NA PONTE DE PEDRE, DENTRO DA CATEGORÍA DE "PROMOCIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO HISTÓRICO DA COMARCA", consistente na ampliación do prazo de xustificación das obras o máis alonxado no tempo posible."

Terceiro.- Para garantir a adecuación técnica, coherencia e execución do proxecto senlleiro no seu conxunto é preciso ampliar o prazo de xustificación e vixencia do convenio ata o 30 de novembro de 2025 así como a distribución dos importes entres as partidas do Anexo I, o que aconsella a subscripción dunha addenda sen mudar o obxecto do mesmo nin ningún dos seus elementos esenciais.

A achega da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 14.A1.712A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia 2025, código de proxecto 2017-00003.-"Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural" e non suporá incremento do gasto.

Pola súa parte, o 23.07.2025 o concello declara que a aportación municipal do 20% por importe de 17.278,80 € establecida na cláusula cuarta do convenio, será financiada na súa totalidade por medio dunha subvención concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra a través do programa Plan+Provincia 2025. Liña 1 investimentos.

Cuarto.- Esta solicitude supón a modificación da cláusula CUARTA "Financiamento", cláusula QUINTA "xustificación dos gastos", DÉCIMA "Vixencia" e Anexo I do convenio.





Os puntos sinalados do convenio dispoñen:

- A cláusula CUARTA "Financiamento"

"O gasto total das actuacións do proxecto "Restauración do tajamar sureste na ponte de Pedre" a desenvolver polo beneficiario no marco do presente convenio, de acordo co orzamento previsto no Anexo I deste convenio, ascende a oitenta e seis mil trescentos noventa e catro euros (86.394,00 €) que serán asumidos polas partes na porcentaxe e importe que se indica a continuación:

| | | |
|---|-------------|---------------------|
| – Axencia Galega de Desenvolvemento Rural | 80% | 69.115,20 € |
| – Concello de Cerdedo-Cotobade: | 20% | 17.278,80 € |
| • TOTAL | 100% | 86.394,00 €" |

- A cláusula QUINTA "Xustificación dos gastos"

"De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia o prazo de execución e xustificación rematará o 15.11.2025 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2025".

- A cláusula DÉCIMA "Vixencia"

"O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 15 de novembro de 2025, sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 1 de xaneiro de 2025".

- **ANEXO I**

Orzamento

| Capítulo | Resumen | Porcentaxe | Importe |
|---------------------------------|----------------------|------------|-------------|
| 1 | Actuacións previas | 22,42 | 13.450,75 € |
| 2 | Implantación de obra | 18,64 | 11.181,65 € |
| 3 | Actuacións en muros | 54,69 | 32.815,00 € |
| 4 | Seguridade e saúde | 3,07 | 1.840,76 € |
| 5 | Xestión de residuos | 0,91 | 544,56 € |
| 6 | Control de calidade | 0,28 | 167,28 € |
| Orzamento de execución material | | | 60.000,00 € |
| 13,00% Gastos xerais | | | 7.800,00 € |
| 6,00 % Beneficio industrial | | | 3.600,00 € |
| Base Impoñible | | | 71.400,00 € |





| | |
|------------------------|--------------------|
| 21 % IVE | 14.994,00 € |
| Orzamento total | 86.394,00 € |

Tendo en conta o anterior, ambas partes acordan a sinatura desta addenda de conformidade coas cláusulas que a continuación seguen:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto da presente Addenda é modificar as seguintes partes do convenio:

- A cláusula **CUARTA** "Financiamento" queda redactada como segue:

O gasto total das actuacións do proxecto "Restauración do tajamar sureste na ponte de Pedre" a desenvolver polo beneficiario no marco do presente convenio, de acordo co orzamento previsto no Anexo I deste convenio, ascende a oitenta e seis mil trescentos noventa e catro euros (86.394,00 €) que serán asumidos polas partes na porcentaxe e importe que se indica a continuación:

| | | |
|---|-------------|--------------------|
| – Axencia Galega de Desenvolvemento Rural | 80% | 69.115,20 € |
| – Deputación Provincial de Pontevedra | 20% | 17.278,80 € |
| TOTAL | 100% | 86.394,00 € |

- A cláusula **QUINTA** "Xustificación dos gastos" queda redactada como segue:

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia o prazo de execución e xustificación rematará o 30.11.2025 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2025.

- A cláusula **DÉCIMA** "Vixencia" queda redactada como segue:

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 30 de novembro de 2025, sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 1 de xaneiro de 2025.





- **ANEXO I**
Orzamento

| Capítulo | Resumen | Porcentaxe | Importe |
|---------------------------------|----------------------|------------|--------------------|
| 1 | Actuacións previas | 22,51 | 13.505,57 € |
| 2 | Implantación de obra | 21,92 | 13.150,68 € |
| 3 | Actuacións en muros | 51,20 | 30.718,13 € |
| 4 | Seguridade e saúde | 3,11 | 1.864,63 € |
| 5 | Xestión de residuos | 0,91 | 544,56 € |
| 6 | Control de calidade | 0,36 | 216,43 € |
| Orzamento de execución material | | | 60.000,00 € |
| 13,00% Gastos xerais | | | 7.800,00 € |
| 6,00 % Beneficio industrial | | | 3.600,00 € |
| Base Impoñible | | | 71.400,00 € |
| 21 % IVE | | | 14.994,00 € |
| Orzamento total | | | 86.394,00 € |

SEGUNDA.- A presente addenda rexerese polas condicións estipuladas no Convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

TERCEIRA.- As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto da addenda se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o Concello de Cerdedo-Cotobade acepta e consinte a remisión da addenda, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido desta addenda será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.





CUARTA.- O incumprimento de calquera das cláusulas desta addenda constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederáse o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTA.- Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica).

Así mesmo, os interesados pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Esta addenda obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións.

E en proba de conformidade de canto antecede, as partes asinan a presente addenda no lugar e data arriba indicado.

María José Gómez Rodríguez
(P.D. Acordo do Consello de
Dirección do 21.07.2021)
Presidenta da Axencia Galega
de Desenvolvemento Rural

Jorge Cubela López

Alcalde do concello
de Cerdedo-Cotobade

